

Código do documento	Código do expediente
<b>USG18I02KX</b>	<b>USG/2024/74</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0X22 3Q6P 1C5E 1K4H 0BN6	

DQR

## ANUNCIO

### **CONSULTA PREVIA A APROBACION DUNHA NOVA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACION ELECTRONICA NO CONCELLO DE CULLEREDO. EXPTE: USG/2024/74.**

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Culleredo, substánciase unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

O que se publica no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web municipal para que os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poidan facer chegar as súas opinións ou suxerencias, durante un prazo de 20 días hábiles, a través da súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xuntase a Consulta previa da Ordenanza coa memoria explicativa.

*Asinado dixitalmente*

*O alcalde*

*José Ramón Rioboó Castro*

C.I.F. P-1503100-H